


1. PLANIFICACIÓN ENTROIDO 2015

Estimadas familias, o **ENTROIDO** xa está aquí e no centro comezamos coa súa celebración!:

1.1 Ordes do MECO: (Luns 09 – Xoves 12)

Ao longo da seguinte semana deberemos prestar atención e cumprir as ordes do noso **MECO**. Cada día recibiremos unha diferente, vencellada a distintos pobos ou culturas. Así, se un “castigo” non queren asumir e un “punto vermello” recibir, preparede os seguintes complementos e maquillaxes:

 <p>Entroido 2015</p> <p>Ordes do MECO</p>	<ul style="list-style-type: none">▪ Luns: Un turbante deberán lucir.▪ Martes: A cara pintada deberán traer como se dunha tribu africana acabaran de chegar.▪ Mércores: Un tocado de plumas amosarán.▪ Xoves: A cara pintada traerán para dunha raza oriental semellar.
--	---

1.2 O PASARRÚAS: (Venres 13)

Se o tempo acompaña, o venres faremos o tradicional pasarrúas para que cada neno/a xunto a súa clase nos amosen as súas disfraces.

Este ano o pasarrúas será do máis **MULTICULTURAL** e estades as familias convidadas a acompañarnos (... se é disfrazados moito mellor!)

As **12:20** é a hora estimada na que sairemos do centro para iniciar o pasarrúas no seu percorrido habitual.

1.2.1 DEGUSTACIÓN DE DOCES TÍPICOS DO ENTROIDO Colaboración Familias: (Venres 13)

Rematado o pasarrúas, á nosa chegada ó centro deleitarárenos cunha degustación dos diferentes doces e sobremesas típicas desta festa: orellas, filloas, flores, farropeiras, chulas...

Para elo, precisamos da **vosa colaboración e que cada neno/a aporte algo** ese mesmo día. No caso de alumnos que sexan irmáns é suficiente con que traia un deles. As familias estades tamén convidadas á degustación, podendo permanecer no patio do colexio ata a **hora da saída que será a habitual 14:00h, non podendo levar aos rapaces ata a mencionada hora.**

1.2.2 EN CASO DE CHOIVA

O **pasarrúas non se poderá facer** e o alumnado amosará os seus disfraces na aula de usos múltiples onde degustarán logo os doces típicos do entroido. Neste caso, por razóns obvias de espazo, aforo e seguridade, **as familias non poderán participar.**

Moitísimas grazas pola vosa colaboración e a desfrutar deste Entroido 2015!!!